4. Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

5. (...) ”

Modificar a base 13. Xustificación e aboamento das subvencións

Onde di:


“Non se admiten modificacións de actuacións que impliquen cambios na valoración da concesión da subvención, salvo informe favorable do técnico designado pola Deputación Provincial no que conste que ditas modificacións non supoñen unha minoración na valoración.

O beneficiario deberá achegar, como data límite o 30 de xuño de 2025, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen presentarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao tramite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter recibido algún anticipo, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lei xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

(...)”

	IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Fecha y Hora	06/03/2025 14:24:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Página	62/77





Debe decir:

Non se admiten modificacións de actuacións que impliquen cambios na valoración da concesión da subvención, salvo informe favorable do técnico designado pola Deputación Provincial no que conste que ditas modificacións non supoñen unha minoración na valoración.

O beneficiario deberá achegar, como data límite o 31 de xullo de 2025, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación destas bases sempre que as mesmas estean viventes, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen presentarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao tramite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter recibido algún anticipo, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lei xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.”


A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA OBRA CORRESPONDENTE Ó EXPEDIENTE SUBDOT-2024/100, COMUNIDAD USUARIOS TRAÍDA AGUAS STA. MARIÑA (ANTAS DE ULLA), OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva,

	IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Fecha y Hora	06/03/2025 14:24:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Página	63/77



dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/100, correspondente á Comunidade Usuarios traída Aguas Sta. Mariña as obras de “Reparación edificacións de los depósitos de agua y de fuga en red de abastecimiento”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, tendo un orzamento total presentado da actuación de 12.644,50 € e cunha subvención doutra administración pública (Xunta de Galicia), sendo a finalidade destinada por unha parte para a reparación de desconchados en cornisas e raseo das paredes exteriores nos depósitos de auga comunitarios e por outra parte para a reparación dunha fuga de auga na rede de abastecemento.


Terceiro.- No primeiro apartado da base 13 “Xustificación e aboamento das subvencións” do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”, indícase que “Non se admiten modificacións de actuacións que impliquen cambios na valoración da concesión da subvención, salvo informe favorable do técnico designado pola Deputación Provincial no que conste que ditas modificacións non supoñen unha minoración na valoración”.

Cuarto.- Con data 14 de febreiro de 2025, D. Alfonso Pardo Agromartín en representación da Comunidade Usuarios traída Aguas Sta. Mariña, solicita a modificación da actuación, sendo somentes para a reparación da fuga de auga solicitada, dado que a reparación dos depósitos xa a teñen efectuada e xustificada en base á axuda concedida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia por un importe concedido de 10.781,10 euros. Nesta solicitude de modificación de actuacións da reparación da fuga, restablecemento do suministro de auga a un usuario, o custe é maior ao solicitado. Inicialmente o custo da reparación era de 1.863,40 € e unha vez solicitado o permiso da obra a Deputación Provincial (propietaria da vía), segundo resolución da Deputación Provincial de Lugo, Servicio de Vías e Obras, autorízase a execución pero plantexa unhas exigencias cuxo custo superaría en moito ao orzamentado inicial xa que o novo orzamento sería de 16.335,00 €.

Ante a inviabilidade de reparar a fuga, por motivos económicos, renunciouse ao permiso de obras e buscouse unha vía alternativa que permita restablecer o servizo de auga ao usuario afectado, canalizando a condución de auga dende un punto anterior a dita fuga, cambiando o percorrido da condución sen afectar á vía pública de titularidade provincial, cun orzamento total de 3.878,05 € (ive incluído).

Quinto.- Con data 20 de febreiro de 2025, o Enxeñeiro T. Agrícola do Servizo de Cooperación e Proxectos, emite informe desfavorable a autorización da mencionada modificación, debido a que os cambios efectuados non acadarían no concurso de

	IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Fecha y Hora	06/03/2025 14:24:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Página	64/77





concorrenza competitiva a mínima puntuación dentro dos expedientes subvencionados.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Desestimación da solicitude de modificación da obra correspondente ó expediente SUBDOT-2024/100, Comunidade Usuarios traída Aguas Sta. Mariña (Antas de Ulla).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REVOGACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PARQUE DO RATO, DEBIDO Á FALTA DE CULTIVO.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“O Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020 establece os requisitos e condicións que rexen o uso e funcionamento dos Hortos urbanos do Parque do Paseo do Rato.

Entre eles establece no seu apartado XI. Órganos competentes o seguinte:


“Punto 32. En materia relativa á adxudicación dos hortos ou demais acordos que se poidan acadar, o órgano competente será sempre a Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo”.

O día 21 de xaneiro de 2022 a Xunta de Goberno acorda a Autorización de uso e asignación individualizada dos Hortos urbanos do Parque do río Rato (3ª Fase) para novos usuarios entre os que se inclúen as seguintes persoas;

Posteriormente, en sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día 1 de marzo de 2024, acordase a ampliación a prórroga das autorizacións concedidas por un prazo de dous (2) anos adicionais, ata o 3 de marzo de 2026, de entre outros, das seguintes persoas interesadas :

HORTO ASIGNADO	PERSOA INTERESADA
137	BEGOÑA FERNÁNDEZ VÁZQUEZ

	IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Fecha y Hora	06/03/2025 14:24:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Página	65/77



O día 27 de xaneiro de 2023 a Xunta de Goberno acorda a aprobación das Autorizacións de uso e asignación individualizada dos Hortos urbanos do Parque do Rato (4ª Fase), para novos usuarios, entre os que se inclúen as seguintes persoas:

HORTO ASIGNADO	PERSOA INTERESADA
145	Teresa Martinez Iglesias

Visto o informe emitido polo Servizo de Medio Ambiente con CSV IV7SUDZPJRMQWFOXUYWK5QDOA.

Vista a documentación e informes presentes no expediente 2024/XEN_01/003203 sobre Revogación de Autorizacións de uso dos Hortos urbanos do Parque do Rato e tendo en conta que o Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas (BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020) establece no seu apartado XVIII os motivos polos cal se pode perder a condición de usuario da horta, entre a que se atopa:

“a) Renuncia ou baixa voluntaria mediante escrito presentado no Rexistro da Excma. Deputación de Lugo, informando previamente aos xestores da actividade.

(...)

d) Falta de cultivo da parcela, salvo causa xustificada.”

Por todo o anteriormente exposto, tendo en conta os expresados informes e de conformidade ás previsións contidas na lexislación patrimonial, en particular na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, propónse á Xunta de Goberno:

A revogación da autorización de uso dos Hortos urbanos do Parque do Rato concedida, e a perda da condición de usuario dos Hortos urbanos do Parque do Rato, debido a renuncia da autorización concedida (a) ou ao non cultivo dos mesmos (d); segundo o establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, das seguintes usuarias:

HORTO	USUARIA	CAUSA
137	BEGOÑA FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	a)
145	TERESA MARTÍNEZ IGLESIAS	d)

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Fecha y Hora	06/03/2025 14:24:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Página	66/77





11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AMPLIACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE USO DO HORTO URBANO Nº 59 DO PARQUE DO RATO, CONCEDIDA NA 4ª FASE.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Antecedentes.

Con data de 9 de xullo de 2020 publicouse no BOP de Lugo nº 156 o Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo co obxectivo de aportar unha normativa sobre o uso e as autorizacións de uso dos hortos urbanos xestionados actualmente polo Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data de 16 de setembro de 2022, aprobou a Convocatoria de concesión de autorización de uso dos hortos urbanos do Parque do río Rato (4ª fase) e as cláusulas reitoras do procedemento de concesión.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 221, de data de 26 de setembro de 2022, publicouse este procedemento de autorización de uso dos hortos urbanos do Parque do río Rato (4ª fase),mediante concurrencia pública.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinario celebrada en data de 27 de xaneiro de 2023, aprobou outorgar as correspondentes autorizacións de uso dos hortos urbanos do Parque do río Rato, incluídos nesta 4ª fase, celebrándose o acto público de sinatura de autorizacións, e dando comenzo as mesmas o día 10 de febreiro do mesmo ano.

A vista da solicitude presentada po Dna. Manuela López Grandas, usuarias do horto urbano nº 59 do Parque do Rato, que foi adxudicataria da autorización na 4º fase; solicitando a ampliación da autorización concedida por 2 anos adicionais.

Vistos os informes emitidos polo servizo de Medio Ambiente, en data de 25 de febreiro de 2025, con CSV: IV7SUDX6JZPOLXZ6Q57VOUPEEQ favorable a acordar a prórroga da autorización concedida por un prazo de dous (2) anos, ata o 9 de febreiro de 2027, sen que esta ampliación exceda do máximo período de duración dunha autorización (4 anos).

	IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Fecha y Hora	06/03/2025 14:24:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Página	67/77



En base ao establecido no Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, no seu apartado XI. Órganos competentes que dí: “Punto 32. En materia relativa á adxudicación dos hortos ou demais acordos que se poidan acadar, o órgano competente será sempre a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo”.

Proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- O outorgamento da ampliación da autorización de uso do horto nº 59 a Dna. Manuela López Grandas, por un período de 2 anos, ata o día 9 de marzo de 2027; sen que esta ampliación exceda o máximo período de duración dunha autorización (4 anos).

2º.- A ampliación da autorización de uso atopase en todo caso condicionada ao mantemento dos condicionantes establecidos no Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 156, de 9 de xullo de 2020) e aos establecidos na convocatoria de autorizacións (4ª Fase), manténdose inalteradas as obrigas das partes. Isto implica que a Deputación de Lugo poderá revocar unilateralmente a autorización concedida por razóns de interese público ou polo incumprimento dos condicionantes establecidos no Regulamento que rexe o funcionamento dos hortos.


3º.- Notificar á interesada o outorgamento da ampliación da autorización de uso do horto que ten concedida, nos termos anteriormente propostos, indicando que, salvo renuncia expresa no prazo de un mes, acepta a ampliación cos condicionantes incluídos no presente acordo, nas bases da convocatoria (4ª Fase) e no Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, NA ANUALIDADE 2024.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 9 de decembro de 2024, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 290, do 17 de decembro de 2024, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2024; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio

	IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Fecha y Hora	06/03/2025 14:24:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Página	68/77





Histórico Artístico e Normalización Lingüística a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN
CENTRO RECREATIVO CULTURAL Y DEPORTIVO DE BAAMONDE	1.021,00
ASOCIACIÓN VECIÑOS SAN LÁZARO MONDOÑEDO	929,00

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAI REALIZADOS POR ASOCIACIÓNS CULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2025.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Vistos os informes da Secretaría Xeral e do servizo de Contratación e Fomento onde se informa favorablemente das bases deste procedemento.

Visto o informe favorable de Intervención.

Polo anteriormente exposto, a Deputada delegada de Cultura propón que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial- se procede- se adopten os seguintes acordos:


1º.- Aprobar as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo na anualidade 2025.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de 185.000,00 € (cento oitenta e cinco mil euros)

3º.- Aprobar os modelos de solicitude e de conta xustificativa para esta anualidade 2025.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Fecha y Hora	06/03/2025 14:24:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Página	69/77



14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIAS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2025.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Vistos os informes da Secretaría Xeral e do servizo de Contratación e Fomento onde se informa favorablemente das bases deste procedemento.

Visto o informe favorable de Intervención.

Polo anteriormente exposto, a Deputada delegada de Cultura propón que pola Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial- se procede- se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2025.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de 315.000,00 € (trescentos quince mil euros).

3º.- Aprobar os modelos de solicitude e de conta xustificativa.”


A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO, AÑO 2025, DO GASTO E DOS MODELOS DE SOLICITUDE E DE CONTA XUSTIFICATIVA.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Visto que entre as competencias atribuídas pola lexislación do deporte de Galicia, a de réxime local e a lexislación sectorial do estado ás deputacións, estaría o fomento, promoción e difusión do deporte, así como calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial e tendo en conta a importancia do papel que as entidades deportivas sen ánimo de lucro teñen nesa actuación do fomento da práctica deportiva.

	IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Fecha y Hora	06/03/2025 14:24:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Página	70/77





Visto que a actuación que se promove pretende favorecer o labor que desenvolven os clubs e entidades deportivas no campo da promoción deportiva nos distintos niveis de competición e eventos nas diferentes disciplinas deportivas, afondando así mesmo no achegamento da poboación ao deporte.

Visto que a presente liña de axudas se insire nos obxectivos recollidos no vixente Plan Estratéxico de Subvencións desta Excma. Deputación Provincial de Lugo (Plan Plurianual 2023-2025), Área de Deportes na súa liña 12.1 c) Deportes (actualización para o ano 2025, Anexo I, sobre liñas actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2025 aprobado por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 24 de xaneiro de 2025), e busca promover ente outros obxectivos específicos:

- 1) Promover e fomentar a participación das entidades deportivas da provincia nas distintas competicións das súas respectivas disciplinas e modalidades.
(...)
- 4) Fomentar o deporte autóctono e tradicional, o deporte recreativo e o dedicado a saúde. Fomentar o deporte e a práctica deportiva como instrumento de cohesión e de integración social.
- 5) Fomentar a través da práctica deportiva a mellora do rendemento escolar, a loita contra a obesidade, aloita contra a delincuencia ou outro tipo de adicións.
(...)
- 12) Apoiar as entidades deportivas e a práctica deportiva de deportistas de deportes individuais da provincia.
(...)
- 15) Axudar as entidades deportivas que desenvolvan a participación en competicións regulares oficiais.
- 16) Apoiar as actividades e a participación dos clubs da provincia de Lugo en ligas ou campionatos oficiais de ámbito lucense, galego, estatal ou internacional.
(...)
- 18) Axudar as entidades deportivas que desenvolvan como actividade principal a participacións en competicións organizadas.
(...)
- 21) Acadar maior estabilidade na estrutura das entidades deportivas.

Visto que o importe destinado para a concesión de axudas a entidades e clubs deportivos en réxime de concorrencia competitiva para a presente anualidade 2025 obxecto da convocatoria, será de seiscentos mil euros (600.000,00 €) con cargo á aplicación 3410/48900 do orzamento do presente ano 2025, segundo a previsión establecida no Plan Estratéxico de Subvencións desta Excma. Deputación Provincial de Lugo (Plan Plurianual 2023-2025), Área de Deportes na súa liña 12.1 c) Deportes

	IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Fecha y Hora	06/03/2025 14:24:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Página	71/77



(actualización para o ano 2025, Anexo I, sobre liñas actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2025 aprobado por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 24 de xaneiro de 2025).

Vista a documentación obrante no expediente e á vista do informe do servizo de Deportes.

Visto o informe do Servizo de Contratación e de Secretaría Xeral.

Visto o informe da Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos, ano 2025.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de seiscentos mil euros (600.000,00 €) con cargo á aplicación 3410/48900 do orzamento do presente ano 2025, segundo a previsión establecida no Plan Estratéxico de Subvencións desta Excma. Deputación Provincial de Lugo (Plan Plurianual 2023-2025), Área de Deportes na súa liña 12.1 c) Deportes (actualización 2025, Anexo I, acordo de Xunta de Goberno de 24/01/2025).

3º.- Aprobar así mesmo os modelos de solicitude e de conta xustificativa.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE EXCEDENCIA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO SECTOR PÚBLICO, DUNHA FUNCIONARIA PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que con data 3 de febreiro de 2025, tivo entrada a través da Oficina de Rexistro Xeral Telemático da Deputación Provincial de Lugo (n.º 2025RT001603) escrito que Dona Elena María Pérez Ramos, funcionaria de carreira da Entidade, dirixe á Deputación Provincial de Lugo no que se sinala:

“1. Que ocupa a praza de Técnico de Administración Xeral número 2021 do Cadro de Persoal Funcionario Provincial, Grupo A, Subgrupo A1, Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, con efectividade do día 16.12.2024.

	IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Fecha y Hora	06/03/2025 14:24:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Página	72/77





2. Que no Boletín Oficial do Estado nº 17 do 20.01.2025 publicouse o meu nomeamento como persoal funcionario de carreira, da Escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, Subescala de Intervención-Tesouraría, categoría de entrada, así como a asignación do primeiro destino (xunto copia).

3. Que o artigo 174 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que resulta de aplicación ao persoal funcionario ao servizo das entidades locais galegas en virtude do artigo 4.1.b) desta norma, regula a excedencia por prestación de servizos no sector público, ao sinalar que: “Sen prexuízo do disposto na normativa sobre incompatibilidades, procede declarar, de oficio ou por solicitude da persoa interesada, na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público, entre outros, o persoal funcionario de carreira que acceda, por promoción interna ou por outros sistemas de acceso, a outros corpos ou escalas en calquera Administración pública e non lle corresponda quedar noutra situación administrativa

Solicita:

1. Que se teña por presentada a miña solicitude de excedencia por prestación de servizos no sector público, ao acceder a outro corpo ou escala noutra Administración Pública, dado que non corresponde que quede noutra situación administrativa.

2. Que se declare a excedencia na praza do Cadro de Persoal Funcionario da Deputación Provincial de Lugo con efectividade no día 09.02.2025, dado que opta por prestar servizos na Escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, Subescala de Intervención-Tesouraría.”.

Con fundamento no contido do informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, de data 26 de febrerío, do teor seguinte:

“Normativa de aplicación:

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, poio que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, poio que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público.


Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.

Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Consideracións Xurídicas e Técnicas.

1.- O artigo 140.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,

	IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Fecha y Hora	06/03/2025 14:24:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Página	73/77



establece as situación administrativas nas que se poden atopar os funcionarios de carreira das Entidades Locais:

"1. As situacións en que poden acharse os funcionarios de carreira da Administración local serán as seguintes:

- a) Servizo activo.
- b) Servizo en Comunidades Autónomas.
- c) Excedencia forzosa ou voluntaria.
- d) Servizos especiais.
- e) Suspensión."

O artigo 140.2 desta mesma disposición establece o seguinte:

"As ditas situacións regularanse pola normativa básica estatal, e pola lexislación de función pública de respectiva Comunidade Autónoma e, supletoriamente, pola lexislación dos funcionarios de Administración do estado, téndose en conta as peculiaridades do réxime local".

2.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), que ten a consideración de normativa básica estatal de función pública, é a vixente norma que desenvolve o previsto no artigo 103 da Constitución Española, no que se establece que por Lei regularase o estatuto dos funcionarios públicos. Tanto na súa exposición de motivos como no seu artigo 1 declárase que o EBEP ten por obxecto "establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos induídos no seu ámbito de aplicación". Dentro do dito texto legal, as situacións administrativas do persoal funcionario veñen recollidas no seu Título VI (artigos 85 a 91).


3º.- O Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado. Recolle o seguinte:

"1.-Procederá declarar, de oficio ou a instancia de parte, na situación regulada neste artigo aos funcionarios de carreira que se atopen en servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das Administracións públicas, salvo que obtivesen a oportuna compatibilidade, e aos que pasen a prestar servizos como persoal laboral fixo en organismos ou entidades do sector público e non les corresponda quedar nas situacións de servizo activo ou servizos especiais.

O desempeño de postos con carácter de funcionario interino ou de persoal laboral temporal non habilitará para pasar a esta situación administrativa"

4º.- No que fai referencia á lexislación propia da Comunidade Autónoma de Galicia, a regulación legal das distintas situacións administrativas está recollida no Título VIII da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 164 a 182), na

	IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Fecha y Hora	06/03/2025 14:24:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Página	74/77





que se describen os mesmos tipos de situación que refire tanto a normativa de réxime local como as que se recollen na normativa básica estatal xa aludidas nos apartados anteriores.

Concretamente no artigo 174 da Lei de Emprego Público de Galicia, recóllese o seguinte:

“1.- Sen prexuízo do disposto na normativa sobre incompatibilidades, procede declarar, de oficio ou or solicitude da persoa interesada, na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público:

a) O persoal funcionario de carreira que acceda, por promoción interna ou por outros sistemas de acceso, a outros corpos ou escalas en calquera Administración pública e non lle corresponda quedar noutra situación administrativa.
(...)”.

Os efectos do recoñecemento desta situación administrativa son os que se mencionan no apartado 2 do propio artigo 174 da Lei de Emprego Público de Galicia onde se recolle:


“2. As persoas que se atopen na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público non devindicarán retribucións, nin será computable o tempo que permanezan nela para os efectos de ascensos, trienios e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa aplicable.

Malia o disposto no parágrafo anterior, no suposto regulado na letra b) da alínea primeira deste artigo o tempo de servizos prestados en organismos, axencias ou entidades do sector público computarase só para os efectos de antigüidade, unha vez que se reingrese ao servizo activo, coa excepción dos prestados en sociedades mercantís ou fundacións”.

Á vista do que antecede, na miña condición de Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar ao funcionario provincial, Dona Elena María Pérez Ramos, en situación de Excedencia por prestación de servizos no sector público, conforme ao establecido na normativa vixente, á instancia da interesada e con data de efectividade do día 10 de febreiro de 2025, data na que toma posesión como Interventora- Tesorera da Escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.”

	IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Fecha y Hora	06/03/2025 14:24:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Página	75/77



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 51/2025.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“No Procedemento Abreviado 168/2024 seguido a instancia de Acciona Medio Ambiente S.A. fronte á Deputación Provincial de Lugo contra a resolución desestimatoria do recurso de reposición de data 23-04-2024 sobre imposición de penalidades no contrato de desbroce de maleza en estradas provinciais (Expediente 2021/CON_02/000004–Lote 7– Concellos de Rábade, Outeiro de Rei, Guitiriz y Begonte), o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo ditou a Sentenza nº 51, de data 29 de xaneiro de 2025, cuxo fallo é o seguinte:

1. Debo estimar y estimo la demanda presentada por Acciona Medio Ambiente SA contra la Diputación Provincial de Lugo, por ser la resolución recurrida contraria a Derecho, anulándola.
2. Cada parte asumirá las costas causadas a su instancia y las comunes por mitad.
3. La presente resolución es firme.

Mediante Dilixencia de Ordenación de data 17 de febreiro de 2025 declarouse a firmeza da devandita Sentenza.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno propónse a adopción do seguinte acordo:

1º.- Darse por enterada da devandita Sentenza nº 51/2025, do 29 de xaneiro de 2025, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no Procedemento Abreviado 168/2024-A.

2º.- Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza.”


A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

1º.- Dación de conta da resolución da Presidencia de data 19/02/2025.

Dase conta da resolución da Presidencia de data 19/02/2025, na que por avocación de competencia, se aproba a Addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para a

	IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Fecha y Hora	06/03/2025 14:24:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Página	76/77





execución de fins comúns consistentes en: Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/adquisición de terreos).

A Xunta de Goberno queda enterada.

2ª.- *Dación de conta da sentenza nº 52/2025.*

Dase conta da sentenza nº 52/2025 de 30 de xaneiro de 2025, ditada polo Xulgado do Contencioso- Administrativo nº 2 de Lugo no Procedemento Abreviado 112/2024-L, seguido a instancia de dona Ludivina Fórneas Álvarez fronte á resolución de desestimación de escrito de alegacións contra o expediente 2009/03103 ID 63727 de liquidación de imposto sobre bens inmobles (IBI), e en cuxo fallo dí o seguinte: "1. *Debo desestimar y desestimo la demanda presentada por doña Ludivina Forneas Álvarez frente a la Diputación Provincial de Lugo por ser la resolución recurrida conforme a Derecho.* 2. *Las costas de la instancia se imponen a la recurrente, limitando el importe a pagar, por todos los conceptos, a -250- euros.* 3. *La presente resolución es firme.*"

A Xunta de Goberno queda enterada.

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Fecha y Hora	06/03/2025 14:24:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW3CMZMW5JKVPYQMEL4PAOA	Página	77/77

